

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE MAIO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:35 horas do día 11 de maio de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández (asiste aos puntos 1, 8 e 9)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste a todos os puntos agás o 1, 8 e 9)

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Susana García Álvarez (asiste ao punto 1)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 4b e 10)
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 2b e 3a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2c, 3b, 4b e 10)
D^a. María Pilar Alonso Cacheiro (asiste aos puntos 8a, 8b, 9a e 9b)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 8c e 9c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 3 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 3 de maio de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 7 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 7 de maio de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 3 de maio de 2018, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PROYEGAL INGENIERÍA, S.L. (para aclarar obxecto social).
2. INTEGRA MXSI CEE, S.L. (para declarar se algunha das empresas que pertencen ao seu grupo concorren a esta licitación).

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación pola Mesa esta acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

- PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.
- INTEGRA MXSI CEE, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. REFORVIGO, S.L.
 2. DECORACIÓN INSTALACIONES Y CONSTRUCCIÓN, S.A.U.
 3. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 4. COPCISA, S.A.
 5. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
 6. ACTIVIDADES DE CONTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)
 7. COVIASSTEC, S.L.
 8. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 9. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a EDNON, S.L. por ter presentado correctamente a declaración



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



responsable incluída como Anexo II.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.
 2. SMG IBERIA, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa REFORVIGO, S.L. presenta un único soporte dixital, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L. presenta un único soporte dixital, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación. Así mesmo, a documentación non cumpre os requisitos de presentación previstos na cláusula 13.3 do PCAP (“*Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente, deberá achegarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado*”) polo que a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días hábiles para que emende a referida documentación, presentado escrito asinado por persoa con poder de representación no que subscriba a proposición presentada na data 7 de maio de 2018 co



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

número de rexistro de entrada 180068527.

O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% redución prezo/hora laboral e festiva diúrna (s/IVE)
1	PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L.	9,59% (laboral diúrna) 19,92% (festiva diúrna)*
2	PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.	22,00%
3	GESA GESTION DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U.	41,60%
4	ALEDATE MANAGEMENT, S.L.	25,01%
5	EULEN, S.A.	17,00%
6	BONA FIDE LEMA, S.L.L.	15,10%
7	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	20,00%
8	INTEGRA MXSI CEE, S.L.	25,15%
9	EUROCONTROL Y SERVICIOS NOROESTE, S.L.U.	11,00%

* A empresa PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. oferta dúas porcentaxes diferentes de redución en lugar de unha.

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D^a. Mercedes García Rodríguez, con DNI 33.337.142-E, en representación de INTEGRA MXSI CEE, S.L. e D. Salvador Fernández de la Cigoña Fraga, con DNI 36.091.225-Q, en representación de PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de discos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incremento almacenamento FAS 2650 (Tb netos)	Incremento almacenamento FAS 2552 (Tb netos)
1	EDNON, S.L.	129.870,51 €	8,02	50,09

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

Tendo en conta que neste procedemento só se fixan criterios avaliables a través de fórmula e atendendo ao previsto na cláusula 15.3 do PCAP (“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”), a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar ao licitador a máxima puntuación recollida no apartado 9B do Anexo I -FEC-:

	Licitador	Prezo	Incremento almacenam. FAS 2650 (Tb netos)	Incremento almacenam. FAS 2552 (Tb netos)	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	30	45	25	100 puntos

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113) (informe reformulación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 7 de maio de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) (informe reformulación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e a súa adxunta o 3 de maio de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 9 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113) (informe reformulación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 7 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”* e acorda que se inicie a negociación con T-SYSTEMS IBERIA S.A.U. segundo o previsto na cláusula 13.2 do PCAP.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) (informe reformulación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e a súa adxunta o 3 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”* e acorda que se inicie a negociación con Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. (SAVIA) segundo o previsto na cláusula 13.2 do PCAP.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 9 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Á vista das actuacións e acordos adoptados pola Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 965,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333).

Segundo.- Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 10 de maio de 2018 *“durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado no DOG nº 70 (11-04-18), no BOP nº 48 (08-03-18), e no PERFIL DO CONTRATANTE (07-03-18) para a contratación por procedemento aberto “OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL. EXPTE. 16962-333” que rematou o día 7 de maio do presente ano ás 13:30 horas, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha empresa”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma de vestiarios e instalacións no campo de fútbol de carballal (16.962-333) por non terse presentado ningunha proposición”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)

- **Dar conta da resolución nº 382/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se inadmite o recurso especial presentado por ALCOR SEGURIDAD, S.L. contra os pregos**

Dáse conta da citada resolución e infórmase que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 3 de maio de 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A34D-C7D128-A8E6EA-YYBY51-VZJ2CE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		